



Era un matrimonio, e mandaba sempre a mullere. De mandala muller díxolle un día o home:

- Muller, e vaia por Dios, e non terei un día que poda mandare eu?, díxolle o home.
- Sí muller sí, si muller si [=si home si], has de mandar un día. Heiche deixar mandar un día. Bueno. Mandas mañá.

Chegou unha mañán e díxolle o home á muller:

- Maruxa, levántate. -Bueno, levantouse-. Tira o palleiro.
- Ai, Dios mío, cómo vou a tíralo palleiro.
- Si, tira o palleiro, hoxe mando eu, Maruxa.

Saleu ela, tirou o palleiro. Veu e dixo:

- Xan, terein o palleiro.
- Bueno, mete a palla na cuadra.

Metiu a palla na cuadra. Veu. Díxolle ela:

- Bueno, metín a palla na cuadra.
- Mata a burra.
- Ai, Dios mío, matala burra!! Cómo vai ser?
- Mata a burra, que mando eu. Mata a burra.

Matou a burra. Chegou ela, veu prá casa e díxolle:

- Juan ¿e aghora? Matein a burra.
- Tíralle o couro.
- Ai, Dios mío, non sei tíralo couro.
- Si, tíralle o couro, hoxe mando eu.

Tíralle o couro, veu e dixo:

- Bueno, tireille o couro.
- Bueno, pois aghora voume eu levantar.

Levantouse e foron os dous pa cuadra, e el agharrou un veregagho bo e dixo:

- Vírame a volta que hai que mallala palla

Ela viraba na volta e el plás. Ela viraba na volta e el plas. Hasta que ó final a probe da muller enfuciñaba, e enfuciñaba e el:

- Maruxa, hoxe mando eu. Hai que mallala palla, Maruxa.



Saleu a pobriña, caíu e díxolle:

- Bueno, ho, deixa que a partir de hoxe has de mandar ti sempre.

Tiñan un par de bois e el levouos á feira. O home levouos á feira. E fui pra feira, vendiu os bois e dixéronlle os homes, os compañeiros:

- Ai, ho, ti véndelos bois, así que cheghes á casa a muller volve a venda atrás, que a muller mátate.

E díxolle el:

- Bueno, pois xoghámolos bois. Se a miña muller me volve a venda atrás eu perdo os bois; se a miña muller me volve a venda atrás hai que me abonar outro tanto do que valen os bois.

Foron, marcharon pra casa, cheghou á porta, el iba cantando:

*Toca ben, miña bamburria  
acórdate Maruxiña  
do pelexiño da burra.*

Ela estaba dentro, entertenida, facendo de comer, traballando, facendo o seu labor, e díxolle el:

- Maruxa
- ¿Qué, Xan?
- Vendín os bois
- Está ben, o que ti fagas ta ben feito

Díxolle el ós compañeiros:

- Pois aghora hai que abonarme o valor dos bois e quedo cos bois.
- ¿Non sabe o que é mandala muller?